



As galegas e os galegos consomen un 50 % máis de datos móbiles nos últimos 18 meses

- *Segundo un estudo de R, baseado nos hábitos de consumo dos seus máis de 254.000 clientes en Galicia, cada liña de móbil consome unha media de 3,7 gigas de datos por mes*
- *Os servizos máis demandados en Galicia continúan a ser a banda larga e a telefonía fixa, contratados por case 9 de cada 10 clientes.*
- *Ao tempo, a televisión é o servizo cuxa contratación creceu máis, aumentando un 5 % nos últimos 18 meses.*


Martes, 17 de novembro de 2020. O ascenso é imparable. O uso dos datos móbiles aumenta progresivamente entre as galegas e os galegos, ata un **50 % máis nos últimos 18 meses.**

R, o operador galego de telecomunicacións, realizou un estudo entre os seus máis de 254.000 clientes en Galicia, que desvela que o consumo de datos móbiles é de **3,7 gigas de media** por terminal móbil por mes. Na evolución aprécianse dous momentos estacionais nos que se modificou a tendencia. Por unha banda, durante o confinamento, o aumento do uso da rede wifi nos domicilios fixo diminuír os consumos de datos. En cambio, durante o período de vacacións ocorreu todo o contrario. En agosto, o consumo aumentou ata os case 5,5 gigas. Os picos estacionais teñen como consecuencia grandes consumos que poden implicar o esgotamento das tarifas de datos durante as vacacións, o que levou ás empresas a tomaren decisións para atender as fluctuacións de consumos.

No caso de **R**, a empresa ten decidido atender esta demanda con ofertas de gigas ilimitados para responder aos cambios de necesidades dos usuarios que poidan xurdir en calquera momento do ano. Onde non se observan diferenzas significativas é por territorios. En Galicia, os datos de consumo son semellantes en toda a súa extensión.

Do estudo de hábitos de consumo de **R** despréndense as seguintes conclusións:

1. **Relevancia do dispositivo.** O estudo pon de manifesto a importancia do dispositivo que os galegos e galegas utilizan. Estes dispositivos son, por esta orde, a telefonía fixa, a banda larga, a telefonía móbil e a televisión. Cómpre salientar que a banda larga e o móbil téñenos contratados case 9 de cada 10 clientes de **R**. E que a demanda do teléfono fixo diminuíu un 4 % no último ano e medio.
2. **A televisión, unha demanda en auxe.** De todos os servizos, a televisión é a que máis percorrido gañou, aumentando un 5 % a súa demanda nos últimos 18 meses. Por franxas horarias, o maior consumo de televisión en Galicia prodúcese de 15:00 h a 16:00 h e de 21:00 h a 23:00 h.



Como o arraigamento forma parte do ADN de **R**, a compañía incorpora dende sempre contidos de televisións locais e autonómicas de Galicia, tanto en galego como en castelán, coma son Televisión de Galicia (TVG), TVG2, Nós Televisión, Localía Vigo ou Telemiño.

3. **Consumo de internet, horas punta.** A respecto do consumo de internet por franxa horaria, o mesmo estudo revela que o volume descargado e subido por horas en días laborables aumenta considerablemente entre as 21:00 h e as 23:00 h. Mentres, entre as 4:00 h e as 7:00 h da mañá é o momento do día que rexistra consumos máis baixos.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal

